

PROXECTO COLABORATIVO

“AOS CATRO VENTOS”

“UNHA BIBLIOTECA REBELDE PARA ALUMNOS BULIDEIROS”

CEE O PEDROSO



1- INTRODUCCIÓN:

1.1-CARACTERÍSTICAS DO CONTEXTO NO QUE SE DESENVOLVEU O PROXECTO.

O CEE O PEDROSO é un centro de ensinanza público que escolariza alumnado con Trastornos Graves de Conduta: Trastorno Negativista Desafiante e/ou Trastorno Disocial, a motivación e a disposición cara o proceso educativo é case inexistente, así como a presenza de condutas disruptivas constantes. Partindo desta base, este proxecto colaborativo vertebrouse desde un eixe pedagóxico común: "UNHA BIBLIOTECA REBELDE PARA ALUMNOS BULIDEIROS", así foi ao mesmo tempo centro educativo dinámico e eixe expansivo de coñecemento a todas as aulas, así como centro social e cultural de toda a comunidade educativa: alumnos, profesoras, pais/nais/titores legais, equipo sanitario e persoal auxiliar coidador e educadoras. Foi lugar de partida, proceso e lugar de chegada , posibilitando unha nova funcionalidade no proceso educativo: novos usos, novas linguaxes, novos proxectos, novas tarefas... en definitiva : **expresións diversas dos coñecementos.**

1.2-XUSTIFICACIÓN E PLANIFICACIÓN:

1.2.1-XUSTIFICACIÓN:

Este proxecto está xustificado no marco das instrucións de 3 de setembro de 2018, da dirección xeral de centros e recursos humanos en relación coa organización e funcionamento das bibliotecas escolares para o curso 2018/2019, en especial no Anexo I para servir aos obxectivos do *Proxecto Lector de Centro*, a súa vinculación coa *Biblioteca Escolar*, e o *tratamento transversal dos contidos e un enfoque interdisciplinario en proxectos e actividades*.(Anexo I das Instrucións).

1.2.2-PLANIFICACIÓN:

1.2.2.1-PROFESORADO E ALUMNADO PARTICIPANTE:

a- Profesorado: Todas as profesoras de todos os ámbitos :departamento científico matemático, lingua e literatura castelá, inglés, educación física, música, cultura clásica, xeografía e historia, tics,

educación plástica, visual e a audiovisual, de dinamización e lingua galega, de actividades complementarias e extraescolares. participamos no proxecto.

b- Alumnado: Os doce alumnos participaron no proxecto dos cursos 1º ESO(4 alumnos); 3º ESO PMAR(1 alumno); 3ºESO(4 alumnos) e 4º ESO(3 alumnos).

1.2.2.3-COMPETENCIAS CLAVE A DESENVOLVER:

A- Comunicación lingüística(CCL):

A competencia en comunicación lingüística adéstrase de maneira explícita no propio ámbito curricular; por tanto, poderíamos incluír calquera dos descritores desta competencia. Resaltamos aquí aqueles que favorecen a súa transversalidade, destacando os **descritores** seguintes:1- Comprender o sentido dos textos escritos e orais, 2-Manter unha actitude favorable cara á lectura,3- Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia, 4-Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor, 5-Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros nas diversas situacións comunicativas.

Criterios de avaliación: Comprender, analizar e interpretar textos escritos e orais. Recoñecer os elementos propios dos textos publicitarios. Crear textos e reclamos publicitarios seguindo as pautas establecidas.

B- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT):

Desde todas as áreas desenvólvense de forma xeral varios aspectos desta competencia, xa que as análises das estruturas morfolóxicas, sintácticas e textuais supoñen un adestramento do razoamento lóxico, a súa sistematización, a aplicación dun método rigoroso. Por outro lado, a variedade tipolóxica e temática dos textos pon en contacto a área coa relación do ser humano coa realidade, o mundo científico e o contorno ambiental. Así, dos **descritores** destacamos os seguintes:1-Tomar conciencia dos cambios producidos polo ser humano no contorno natural e as

repercusións para a vida futura, 2-Mostrar conciencia analítica ante os textos publicitarios. 3- Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá.

Criterios de avaliación: Resolver problemas empregando os datos e as estratexias adecuadas. Organizar a información utilizando procedementos matemáticos.

C- Competencia dixital(CD):

Este proxecto contribúe ao adestramento da competencia dixital, tan relevante e necesaria no contexto actual. **Descritores:**1-Empregar distintas fontes para a procura de información,2- Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade,3-Elaborar información propia derivada da información obtida a través de medios tecnolóxicos,4- Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación,5-Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas,6-Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento, 7-Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.

Criterios da avaliación: Empregar distintas fontes para a busca de información, seleccionar estas segundo a súa fiabilidade, elaborar e publicitar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.

D- Aprender a aprender (CAA)

O establecemento de metas alcanzables, cuxa consecución xerará autoconfianza, axudará a fornecer un equilibrio emocional no alumno que favoreza o desenvolvemento de ferramentas para estimular o pensamento e a planificación e avaliación das súas propias aprendizaxes por medio da metacognición.Os **descritores** que adestraremos son:1- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas... 2- Xestionar os recursos e motivacións persoais a favor da aprendizaxe e xerar estratexias do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...3. Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os

pasos seguintes en función dos resultados intermedios, 4- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe e tomar conciencia destes.

Criterios de avaliación: Planificar os recursos necesarios e os pasos a realizar no proceso de aprendizaxe, seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios , avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe

E- Competencias sociais e cívicas (CSC)

Pretende incentivar a comprensión da realidade na que se vive o que se consegue tomando conciencia das diferentes perspectivas ao analizar a publicidade. Ademáis de ser conscientes dos valores do entorno significa crear progresivamente un sistema de valores propio que marca o comportamento ao afrontar unha decisión.

Criterios de avaliación: Recoñecer a igualdade de dereitos entre os diferentes colectivos. Mostrar conciencia crítica ante as mensaxes publicitarias.

F- Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)

Este proxecto contribúe a fomentar a autonomía e iniciativa persoal na medida en que se utilizan procedementos que esixen planificar, avaliar distintas posibilidades e tomar decisións. O liderado á hora de contaxiar entusiasmo ou delegar funcións nos compañeiros será a clave á hora de desenvolver actividades de equipo.**Descritores:** Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas, xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos, ser constante no traballo superando as dificultades, dirimir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa, mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.

Criterios de avaliación: Crear mensaxes, produtos, anuncios publicitarios axeitados, coherentes e ben cohesionados en diferentes formatos.

G- Conciencia e expresións culturais (CCEC)

O interese, aprecio e respecto polo patrimonio cultural e artístico convértese no elemento fundamental do desenvolvemento desta competencia que permite desenvolver un espírito crítico e facilítalle ao alumnado comprender a relación entre as manifestacións artísticas, os feitos históricos

e as sociedades que as crean.**Descritores:** Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural, apreciar a beleza das expresións artísticas e as manifestacións de creatividade no ámbito cotiá, elaborar traballos e presentacións con sentido estético, mostrar respecto cara ao patrimonio cultural mundial nos seus distintos ámbitos: artístico-literario, etnográfico, científico-técnico...

Criterio de avaliación: Apreciar a creatividade da mensaxe publicitaria na expresión de ideas, experiencias e sentimentos.

1.2.2.4-TEMPORALIZACIÓN.

O proxecto realizouse do día 05/02/2019 ao 21/05/2019.

2-OBXECTO OU TEMÁTICA DE INVESTIGACIÓN PROPOSTOS:

A liña de actuación proposta segundo o itinerario foi: **“UNHA BIBLIOTECA REBELDE PARA ALUMNOS BULIDEIROS”**. Elaborouse un proxecto colaborativo : "AOS CATRO VENTOS", tendo como marco de referencia a biblioteca escolar.

3-DESCRINCIÓN DO PROCESO DE DESEÑO E ELABORACIÓN DA PROPOSTA

Esta proposta xurde da conxunción de dúas circunstancias que impregnaron a pedagogía do curso escolar 2018-19 no CEE O PEDROSO:

- Dunha banda unha dotación económica recibida pola Consellería de Educación no contexto do PLAN LÍA de Bibliotecas Escolares, Desafío 3, para dotalas de medios e face-las mais inclusivas: “UNHA BIBLIOTECA REBELDE PARA ALUMNOS BULIDEIROS”.
- Doutra banda un proxecto colaborativo iniciado no curso 2017-18, no marco da biblioteca escolar para traballar a/coa publicidade desde un enfoque interdisciplinario e de xeito colaborativo: “AOS CATRO VENTOS”.

A primeira circunstancia permitiunos reestructurar o funcionamento da nosa biblioteca escolar ao longo do curso 2017-18, có obxectivo de conseguir unha **Biblioteca Inclusiva** que dera resposta ás necesidades de todo o noso alumnado no que atinxe á accesibilidade, aos recursos dispoñibles , aos

equipamentos e as actividades propostas. Así foron posibles varias actuacións que repercutiron directamente no proceso educativo co noso alumnado:

- Novas adquisicións documentais e bibliográficas (libros de lectura, cómics, revistas, prensa), musicais (cds e dvds), audiovisuais (coleccións de dvds de diferentes temáticas), lecer (xogos educativos). Organización e reestructuración de todo o fondo documental, bibliográfico e audiovisual.

- Novos equipamentos: informáticos (catro computadores, unha tablet), audiovisuais: amplificador de son, aparellos de gravación de son e fotográficos, así como instrumentos musicais: dous teclados, pandeiretas e outros instrumentos de percusión.

- Intervencións na infraestrutura: acondicionamento xeral (iluminación, sinalización de espazos), acondicionamento do que se pasou a chamar “recuncho artístico”, “recuncho de lectura”, e “recuncho experimental”.

Foi na modificación e reorganización dos espazos da biblioteca onde atopamos a primeira pedra, xa que cómpre ter presentes as características organizativas no proceso educativo co noso alumnado, polas que o uso “habitual” da biblioteca no noso centro non é posible:

- Doce alumnos que se distribúen en grupos de catro en función do curso escolar e outras peculiaridades do seu trastorno conductual.

- Horarios adaptados con sesións curtas de non mais de 35 ou 45 minutos.

- Imposibilidade de xuntar a dous ou mais grupos no espazo da biblioteca, e cando isto se fai ten que haber un número suficiente de profesoras que permita a realización da actividade.

- Coincidencia no tempo educativo co horario de atención clínica do alumnado por parte do psicólogo ou psiquiatra

- Normas de conducta recollidas no PE que regulan o uso educativo e de ocio das TICS e outros espazos segundo o programa de modificación de conducta que rixe o centro.

- Lei de protección de imaxes dalgúns alumnos tutelados ou con situación familiares peculiares...

- Acceso aos fondos documentais ou dixitais seguindo unhas normas de centro en presenza das profesoras ou educadoras.

- Materiais peligrosos ou susceptibles de crear situacións de conflito que deben estar debidamente custodiados: baixo chave, etc.

Empregando a biblioteca escolar como *Biblioteca Inclusiva*, reorganizámola e distribuímola por recunchos: recuncho das letras, recuncho dixital, recuncho artístico e recuncho científico. Foi neste proceso cando xurde a idea de crear o recuncho de aula e o recuncho bulideiro, non por unha situación de falta de espazo no lugar físico da biblioteca senón como solución e resposta educativa para os nosos alumnos. Así o recuncho de aula posibilita o emprego de fondos documentais e bibliográficos dentro da aula específica en cada grupo clase, e o recuncho bulideiro, posibilita a interconexión de grupos e profesoras e outro persoal non docente en diferentes actividades de conmemoración educativa ou de traballos colaborativos actuando como eixe expansivo da biblioteca, e dando resposta “aos nosos alumnos bulideiros”, posibilitando un tratamento transversal dos contidos e un enfoque interdisciplinario destes. En definitiva favorecendo o concepto da **“alfabetización múltiple”**, como se recolle no documento de referencia do Consello da UE (2012): *Conclusiones do Consello, de 26 de novembro de 2012, sobre alfabetizacións múltiples. Diario Oficial da Unión Europea.*

Podemos afirmar que esta circunstancia creou o noso marco de traballo: “UNHA BIBLIOTECA REBELDE PARA ALUMNOS BULIDEIROS” e deunos azos para o traballo colaborativo.

A segunda circunstancia foi o proxecto colaborativo iniciado no curso 2017-18 no marco da biblioteca escolar para traballar arredor da publicidade, desde un enfoque interdisciplinario e colaborativo: “AOS CATRO VENTOS”.

Este proxecto xurde da necesidade que existe no CEE O PEDROSO de traballar dun xeito colaborativo, xa que este método inflúe no desenvolvemento das competencias emocionais dos nosos alumnos. O proxecto colaborativo como medio de aprendizaxe, é un recurso educativo empregado no CEE O PEDROSO como ferramenta pedagóxica desde fai moitos cursos. O centro de interese, ou a definición de metas e obxectivos ven dado segundo o curso escolar ben, polo interese dunha ou varias mestras, ou ben por algún tema que xurde entre o alumnado por reclamar a súa atención ou por calquera outro motivación..

Eso aconteceu coa publicidade, iniciándose así o proxecto colaborativo “Aos catro ventos” arredor deste tema. Acontece que no curso 2017-18 cando o iniciamos, a biblioteca non era un marco completo, rico, e diverso para o tratamento da información, e outras actividades, e realmente o proxecto non estaba ben organizado, polo que realizábase actividades variadas pero sen unha

estructura concreta sen feedback nen autoavaliación sobre o que estabamos a tratar, pero visto que os resultados das poucas actividades que se propuxeron eran cerne para outras que se ofrecían á nosa creatividade decidimos retomalo no curso 2018-19 dunha maneira organizada, aproveitando así mesmo : “A BIBLIOTECA REBELDE PARA ALUMNOS BULIDEIROS”.

4-DOCUMENTACIÓN ELABORADA PARA PROFESORADO E ALUMNADO.

-Plataforma Google Drive: onde alumnos e profesoras gardan e comparten en cartafolios de aprendizaxe individuais e grupais as tarefas que realizan.

-Plataforma dixital: Publisher.

5-RELACIÓN DAS TAREFAS REALIZADAS AO LONGO DO PROXECTO POLO ALUMNADO.

5.1- RECUNCHO DE AULA

5.1.1-TEMAS TRABALLADOS: Samaín, a publicidade na xeografía e historia, folletos turísticos de Galicia, Thanksgiving day, o voto feminino na prensa escrita, 25N día contra a violencia de xénero, descifrando códigos, halloween, christmas, St.Valentine´s day, deuses gregos, invitación á lectura, lemas publicitarios e bioloxía, a publicidade e a tecnoloxía I e II.

5.1.2-TAREFAS:

- Aprendizaxe por búsqueda en internet.
- Selección de información, recollida de datos, interpretación, reflexión.
- Elaboración de cartaces.
- Elaboración de folletos turísticos.
- Recopilación e análise de titulares de prensa.
- Elaboración de actos performance para o tratamento de temas transversais.
- Análise de táboas, gráficos e interpretación destes.

- Traballo coa prensa dixital e prensa escrita e folletos publicitarios.
- Elaboración de marcapáxinas con lemas publicitarios.
- Visualización Do filme Wall-E, elaboración de cartaces sobre a conciencia ambiental.
- Análise da linguaxe publicitaria.
- Análise e interpretación dos elementos da publicidade: emisor, mensaxe, canle/medio, receptor, codificación, decodificación, interferencias, control dos efectos, retroalimentación.

5.2- RECUNCHO DIXITAL

5.2.1-TEMAS TRABALLADOS: Búsqueda de información I e II: marcas e logotipos, actualidade I e II e III: “global muiñeira”, “lotería de nadal 2018”, “os simpsons”; “Haka” contra a violencia de xénero, o spot publicitario: “os bonecos do pedroso”.

5.2.2- TAREFAS:

- ✓ -Aprendizaxe por búsqueda en internet: selección de información, recollida de datos, interpretación, reflexión.
- ✓ -Recopilación e análise de titulares de prensa escrita e dixital.
- ✓ -Visualización e análise de vídeos e spots publicitarios.
- ✓ -Elaboración de actos performance para o tratamento de temas transversais.
- ✓ -Análise de táboas, gráficos e interpretación destes.
- ✓ -Análise e interpretación dos elementos da linguaxe publicitaria e da publicidade no medio audiovisual, en diferentes ámbitos: fútbol, etc
- ✓ -Elaboración dun vídeo: “haka” contra a violencia de xénero.
- ✓ -Elaboración dun spot publicitario: “OS bonecos do Pedroso” (preproducción: guión, planificación, diálogos, planos; produción: gravación e montaxe da escenografía, e postproducción:edición).

5.3- RECUNCHO CIENTÍFICO

5.3.1-TEMAS TRABALLADOS:IX E X Xornadas micolóxicas.

5.3.2- TAREFAS:

- -Saídas pola contorna: recollida e clasificación de cogomelos.
- -Realización de fotografías na contorna do monte Pedroso.
- -Elaboración de carteis anunciadores das xornadas: lemas propios e fotografías orixinais da contorna do monte Pedroso.
- -Composición de cestas expositivas : carteis coa clasificación.
- -Elaboración do taboleiro micolóxico.
- -Secado do Boletus Edulis:busca, clasificado e seleccionado, limpeza e laminado, deshidratado, envasado, etiquetado.
- -Elaboración de etiquetas formato autocolante.

5.4- RECUNCHO DAS LETRAS

5.4.1- TEMAS TRABALLADOS:Siempre habrá poesía, concurso e día da poesía, letras galegas 2018 e 2019, día do libro: “a volta ao mundo en 80 libros.

5.4.2-TAREFAS:

- Recitado de poemas e gravación.
- Elaboración de poemas, divulgación nos taboleiros do centro.
- Elaboración dunha exposición de M^a Victoria Moreno e de Antonio Fraguas.
- Realización dun **MINICONCERTAZO** para toda a comunidade educativa: interpretación instrumental e vocal de cancións e baile tradicional galego.
- Visita ao museo do Pobo Galego. Elaboración e realización dunha webquest.
- Elaboración de tarxetas publicitarias romarías e santuarios.
- Recitado de lecturas : “a volta ao mundo en 80 libros”, localización no mapa.

5.5-RECUNCHO ARTÍSTICO:

5.5.1-TEMAS TRABALLADOS:Aos catro ventos, Nadal 2017 e 2018, Encontro teatral na biblioteca: Don Juan Tenorio, Miniconcertazo “A música clásica e a publicidade”, “A arte na publicidade”.

5.5.2-TAREFAS:

- Elaboración da portada do proxecto colaborativo.
- Elaboración de adornos navideños con lemas e logos publicitarios, tamén arredor da temática Rosa dos ventos.
- Concurso de postais de nadal temática libre e temática publicitaria.
- Representación teatral na biblioteca para toda a comunidade educativa.
- Elaboración dun programa de man para a actividade: “I Encontros Artísticos”.
- Investigación da presenza da música clásica no audiovisual, selección de pezas, clasificación no marco da historia da música, aprendizaxe e interpretación instrumental destas.
- Realización dun **MINICONCERTAZO** para toda a comunidade educativa: interpretación instrumental “A música clásica e a publicidade”.
- Análise de obras de artistas famosos e o seu uso na publicidade.
- Elaboración dunha campaña publicitaria.

5.6-RECUNCHO BULIDEIRO

5.6.1-TEMAS TRABALLADOS: Día das bibliotecas escolares 2017 e 2018, visita á escola galega de consumo, agosto 2018 e 2019, día da paz, entroido 2018 e 2019, semana da prensa, xogos tradicionais, maíos no pedroso.

5.6.2-TAREFAS:

- Visionado, análise e interpretación de anuncios publicitarios e técnicas empregadas.
- Realización dun obradoiro de análise de logotipos e creación de anuncios publicitarios en formato escrito.

- Realización dun obradoiro de creación de carteis “aprende a pensar” con elementos publicitarios.
- Realización dun obradoiro de relación matemáticas e poesía cós fondos documentais da biblioteca.
- Visita a “aula de publicidade” da Escola Galega de consumo.
- Obradoiro magosto, publicidade nos taboleiros da escola, actividades de difusión para toda a comunidade educativa.
- Elaboración de cartaces para a difusión de elementos relacionados coa paz.
- Obradoiro de disfraces: “homes-anuncio”. Elaboración de pantallas do entroido tradicional galego, exposición nos taboleiros da escola.
- -Análise na prensa dixital e escrita, folletos publicitarios do tratamento do entroido. Elaboración de tarxetas coas personaxes do entroido tradicional galego.
- -Elaboración e tratamento de carteis na semana da prensa.
- -Obradoiro de difusión do xogo tradicional galego.
- -Obradoiro dos maíos: elaboración dun maío e creación de coplas.

6-RECURSOS EMPREGADOS. FONTES CONSULTADAS PARA A INVESTIGACIÓN.

6.1-RECURSOS EMPREGADOS. RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS:

A-Recursos humanos: 8 profesoras, un psicólogo clínico (dependente do SERGAS), 7 coidadoras e 2 educadores, unha empresa de seguridade privada.

b- Alumnado: Os doce alumnos participaron no proxecto.

c- Comunidade educativa: Aínda que as coidadoras e os/as educadores/as non forman parte do persoal docente, podemos afirmar que tamén formaron parte do proxecto, xa que sen a súa presenza e colaboración moitas das actividades non se poderían ter realizado.

Podemos afirmar o mesmo en canto ao psicólogo clínico do CEE O PEDROSO, dependente do SERGAS, encargouse da función de docencia na ENAPA realizando un programa de entrenamiento

de pais/nais na liña educativa do CEE O PEDROSO de modificación de conducta desde o modelo educativo sanitario. Os pais e nais do noso centro foron receptores do noso proxecto en todas as súas formas.

B-Recursos materiais: 5 aulas, biblioteca de usos múltiples: con catro ordenadores, televisión con lector de dvd; aula de tecnoloxía e aula de informática: con 12 ordenadores, unha PDI; patio destinado ao espazo de ocio e pavillón compartido con outro centro educativo. O recurso material mais importante é o propio **programa de modificación de conducta** que afecta a toda a práctica educativa e en definitiva a toda a organización do centro.

Todos estes recursos organízanse en función das propias necesidades de organización do centro e o seu programa de modificación de conducta e o contido curricular, e ademais cando se programan actividades fora da aula, sobre todo no espazo de biblioteca, sala de informática ou no recuncho bulideiro houbo que programar non só o material ao que teñen acceso e en que momento, senon tamén en que espazos están e con que persoas. É por iso que non existe espazo para a improvisación e as actividades teñen que estar ben deseñadas e pechadas, se existise improvisación esta terá que ser controlada tamén porque nun descuido poden xenerarse situacións conflictivas que desemboquen en episodios violentos, que poñerían en perigo a seguridade do alumnado pero tamén o éxito educativo das actividades propostas.

6.2- FONTES CONSULTADAS PARA A INVESTIGACIÓN.

Bibliografía

- Castaño, Yolanda (2018): *O puño e a letra*. Vigo, Xerais.
- Curiel, Xoan (2019): *Canta miña pedra, canta. Homenaxe a Antonio Fraguas*. Ed. Galaxia, colección Sonárbore.
- Fraguas, Antonio (2019): *Cantigueiro de Cotobade*. Ed. Galaxia.
- Fraguas, Antonio (2019): *Romarías e santuarios*. Ed. Galaxia.
- Cajaraville, Héctor (2019): *Antonio Fraguas. O bo mestre, o mestre bo*. Ed. Xerais.
- Laessoe, Thomas (1998): *Hongos. Manual de identificación*. Ed. Omega.
- Mauricio, Enrique (2018): *A detective Peregrina e o insólito «caso Antón Fraguas»*. Ed. Lela.

- VVAA (2009): *Cogomelos de Galicia*. Ed. Xunta de Galicia.
- VVAA (2016): *Colección “El mundo es matemático”*. Ed. RBA.
- VVAA (2019): *Coñecendo a Antonio Fraguas. Roteiros literarios*. Ed. Hércules.
- VVAA (2004): *Setas (Guías de Naturaleza Blume)*. Ed. Blume.
- Zorrilla, José: *Don Juan Tenorio*. Ed. Austral.

Direccións de internet

- “Xogo das persoaxes do entroido”, dispoñible en: <https://praza.gal/ducias/festas-e-manxares-do-entroido-recomendados-polos-bolechas>
- Artigos relacionados coa Música antiga, dispoñible en: <http://www.musicaantigua.com/>
- Artigos relacionados coa Música Cásica, dispoñibles en: <http://www.rtve.es/radio/>
- “El misterio de la Mona Lisa en anuncios de publicidad”, dispoñible en: <https://www.merca20.com/el-misterio-de-la-mona-lisa-en-anuncios-de-publicidad/>
- “Análise do anuncio de Lotería de Nadal”, dispoñible en: <https://theworldnews.net/es-news/un-fisico-analiza-el-anuncio-de-la-loteria-el-tiempo-no-va-hacia-atras-y-mucho-menos-en-bucle>

Filmografía

- Stanton, Andrew (Director). (2008). *WALL•E* (Cinta cinematográfica). EEUU: Walt Disney Pictures / Pixar Animation Studios.

7-IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA.

Ver punto 6.1

O **modelo educativo sanitario** de **modificación da conducta** impregna toda a nosa práctica educativa, así mesmo é aplicado por todo o persoal do centro que está en contacto co alumnado: coidadores e educadores.

A nivel organizativo: modificación de espazos e aulas sempre que sexa necesario, ratios pequenas, sesións curtas, espazos diseñados para a realización de actividades concretas, reforzo de actividades e espazos con persoal laboral ou docente.

A nivel ensino- aprendizaxe: estratexias socializadoras e individualizadoras segundo a natureza da actividade, personalizadoras do proceso, estratexias creativas de adquisición do coñecemento e de tratamento da información, e estratexias por descubrimento, proxectos colaborativos.

8- AVALIACIÓN REALIZADA. PROCEDIMENTOS EMPREGADOS.

Mediante unha avaliación continua fomos modificando e axustando o traballo realizado para adaptarnos á nosa realidade e axustarnos ás nosas necesidades. Procesos: autoavaliación do traballo e implicación persoal e coavaliación entre as docentes, a través de diferentes instrumentos :

-Observación directa dos alumnos

-Emprego do Portfolio en formato papel ou dixital.

-Anecdóticos onde se recolle o tema tratado, a tarefa e actividade e o rexistro relacionado coa conducta nesa sesión.

-Grabación de actividades: imaxe, son e imaxe e son.

-Rúbricas, e fichas de observación e avaliación das actividades: procesos e produtos finais expostos.

9-FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA BIBLIOTECA NO PROCESO.

Conseguimos reorganizar o fondo documental en base aos novos espazos da biblioteca e aos proxectos que levamos a cabo, conseguimos que todo o profesorado empregara os recursos da biblioteca e cando menos un software ou hardware para desenvolver o proxecto, conseguimos unha reorganización por recunchos do espazo físico da biblioteca, e a nivel de alumnado conseguimos que este empregue o espazo da biblioteca para a realización de actividades educativas, que realice búsquedas de información en diferentes soportes, desenvolvendo en definitiva tarefas grupales e individuais gratificantes que elevan a autoestima persoal e educativa do alumnado e tamén do profesorado no interese de conseguir prácticas educativas inclusivas de éxito. A biblioteca foi punto de partida, proceso e lugar de encontro, e espazo de divulgación de todo o noso proxecto á comunidade educativa.